



**1. EMPRAZAMENTO**




**DATOS XERAIS**

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ria de Muros e Noia. Municipio: Outes, Noia e un pequeno pico ao leste en Lousame. Parroquias: en Outes San Xíán de Tarás na esquina sudoeste, San Tirso de Cando ao norte, cunha pequena área pertencente a San Ourente de Entíns no extremo noroccidental e Santa María de Entíns ao leste; en Noia Santa María de Roio e Santa Cristina de Barro; e o extremo oriental pertencente a Lousame na parroquia de San Xusto de Toxos Outos. Extensión: 14,89 km<sup>2</sup>.

## 2. CARACTERIZACIÓN

### ELEMENTOS NATURAIS



#### AS FORMAS DO RELEVO

Amplio val fluvial de perfil sinuoso, invadido polo mar para formar unha zona de esteiro na desembocadura do río Tambre. O río encáixase entre o relevo disposto en aliñacións montañosas de norte a sur, e aproveitando as zonas de maior debilidade, segundo a diferente litoloxía (granítica ou xistosa). Nas zonas de substratos menos resistentes, a erosión diferencial permitiu a formación de chairas costeiras irregulares, onde os núcleos de poboación aproveitan a suavidade do terreo para asentarse.

#### AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Orientación NNO a SSE. das bandas de materiais. A secuencia, de O a E é a seguinte: O extremo SO, sector da Punta Peón, ten ortogneis biotítico blastomilonítico. A seguinte banda é metamórfica (Complexo de Noia, Precámbrico-cámbrico), con xistos e paragneises. A ancha banda central é xistosa con niveis de cuarcitas (Dominio Migmatítico e das Rochas Graníticas, Precámbrico-silúrico), e contén dúas alongadas e outras dúas menores bandas de granodiorita herciniana precoz con megacrístais. A parte E é máis complexa: no SE domina un granito herciniano de dúas micas (Tipo Barbanza) acompañado por un granitoide migmático herciniano nebulítico; no extremo centro-leste, en Alto dos Cividos, aparece un ortogneis glandular preherciniano; e no NE un granitoide herciniano, con dúas áreas de xistos precámbrico-silúricos e un enclave de granodiorita herciniana precoz con megacrístais. No Cuaternario, depósitos mareais na desembocadura do Río Tambre e aluviais en fondo de val do Río Donas.

#### A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Ambiente climático Cálido e Húmido na maior parte do esteiro: temperatura media anual maior de 14°C e oscilación térmica máxima de 13,5°C. En canto ás precipitacións rexístranse valores acumulados ao longo do ano entre 1200 mm e 1400 mm, aínda que nos puntos máis altos da unidade, ao norte e sueste, se recollen precipitacións superiores, da orde de 1400 mm a 1600 mm, que indican un dominio tamén Cálido pero Moi Húmido.

#### OS SOLOS

Amplio esteiro que mostra a catena dende o fondo de val á cabeceira, pasando polos incipientes solos costeiros. Arenosoles álbicos e fluvisoles tínicos e sálicos nas áreas de marisma dos meandros que forma o Río Tambre na parte interna do esteiro onde tamén aparecen estadios previos de solos lamacentos do tipo sapropel. Nas ladeiras de escasa pendente e máis próximas ás marxes do río Tambre desenvólvense cambisoles eútricos e con frecuencia dístricos sobre os materiais graníticos. Ascendendo pola vertente os solos son progresivamente menos profundos e fértiles orixinando fundamentalmente umbrisoles dístricos, regosolos de cabeceira e leptosoles líticos onde aflora sobre todo o substrato rochoso.


#### AS AUGAS

O elemento hidrolóxico máis destacado nesta unidade é o Río Tambre, que na súa desembocadura conforma un grande esteiro no que predominan as Augas de Transición (20474). Xunto a el, poden citarse outros cursos menores que recollen as augas superficiais procedentes dos relevos circundantes. Os ríos Donas e do Porto, ou o Laxoso, fano polo norte; mentres que o regueiro San Xusto, das Roldas, do Muíño e das Cunchas, fano polo sur.

#### O PATRIMONIO NATURAL

Toda a liña de costa, as formacións intermareais e as marismas, están protexidas polo LIC Esteiro do Tambre. Na liña de costa dominan os hábitats de bancos intermareais e submareais superficiais areosos e lamacentos (1110 e 1140), e as marismas (grupo 13, unhas 63 ha). No interior existen masas frondosas de moi diferentes dimensións e orixe. Non faltan as formacións ripícolas (91 E 0) nas canles fluviais, descontinuas pero con importante función ecolóxica. Tamén son numerosos e en ocasións mixtos, os conxuntos de frondosas de recolonización a partir dos campos de cultivo. Aparecen, sobre as aldeas, no contacto entre o ager e o saltus masas mixtas, ou máis ou menos puras, procedentes de antigas carballeiras (9230, Bosques galaico-portugueses de Quercus robur e Quercus pyrenaica) ou soutos (9260, Bosques de Castanea sativa). Non hai que esquecer os prados hidromorfos, na horizontalidade dos vales e chaira costeira, dos hábitats 6420, de herbas altas do Molinion-Holoschoenion e 6430, de megaforbios eutrofos higrófilos.

### ELEMENTOS ANTRÓPICOS



#### USOS DO SOLO

Formación de chairas intermareais e lamacentas na franxa costeira, no curso do río hai marismas de considerable extensión. A unidade queda dividida polo curso do río en dúas partes ben diferenciadas norte e sur. Ao norte xéranse espazos abertos ocupados polo solo agrícola e os núcleos rurais relacionados. Nas ladeiras montañosas o uso forestal cobre estes espazos, parte desta zona está ocupada por un parque eólico. Nas marxes do río a diversificación é maior, existindo diferentes usos: o hospital de Cengas, turismo rural, un embarcadiro, naves industriais, unha antiga nave abandonada e unha área de espaxamento. Na metade sur predomina o uso forestal: repoboacións, masas de frondosas de recolonización, matogueira e bosquetes de carballos autóctonos. As áreas destinadas a labranza repártense nas mesmas zonas onde hai asentamentos de tipo rural espaxados pola unidade en pequenos núcleos.

#### MORFOLOXÍA

O sistema de asentamentos caracterízase por presentar un carácter rural. A Ponte Nafonso é o núcleo máis representativo, situado na marxe do río Tambre, considerado Núcleo de Identidade Litoral. Na metade norte o núcleo máis importante é o de Cando, dividido en Cando de Arriba e de Abaixo. Os restantes núcleos repartidos entre as dúas unidades están compostos por casas de tipo residencial, con construcións anexas do tipo galpón e tamén obsérvanse invernaoiros. Os asentamentos máis recentes sitúanse na periferia dos núcleos rurais de forma dispersa, pero mantendo a tipoloxía de baixo e planta típica do rural.

#### INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

Aínda que os núcleos da unidade están máis illados que outras poboacións da comarca costeira, as comunicacións principais conéctanse coas estradas que vertebran a comarca. A AC-196 transcorre paralela ao curso fluvial e dá acceso á Ponte Nafonso salvando o río pola ponte que dá nome ao propio núcleo e enlaza os municipios de Noia e Outes, este trazado era antes a estrada principal que conducía a Muros, actualmente enlaza coa AC-550 ao seu paso polo esteiro do Tambre. Na metade norte destacan as estradas AC-5602 e a AC-6205 que relacionan os núcleos existentes. Na metade sur as estradas AC-5701 e AC-5702 enlazan con Noia polo sur e entre os núcleos rurais hai unha estrutura de estradas secundarias, e unha rede de camiños e pistas permiten o acceso ao parcelario e aos montes, esta rede é moito máis densa e compacta na metade norte. Destacar tamén as obras do trazado da autovía Santiago-Brión ao sur da unidade.

#### PATRIMONIO HISTÓRICO

O carácter tradicional dos núcleos existentes vén dado en gran parte polas casas, hórreos, fontes, lavadoiros e outras construcións rurais que compoñen o patrimonio cultural. Ao norte sobresaen o Pazo de Inchido e a súa adega, relacionados co turismo rural. A igrexa de Cando e as capelas da Nosa Señora do Carme e da Nosa Señora da Ponte en Pontenafonso polo norte, e na metade sur destacan a igrexa e a casa reitoral de Roio e numerosos cruceiros como elementos que conforman a arquitectura relixiosa. Destaca o núcleo de Pontenafonso pola construción da súa ponte repartida entre os termos municipais de Noia e Outes. O seu nome está ligado ao seu construtor Afonso IX. Non se conserva a ponte orixinal porque parte dos seus 27 arcos orixinais desapareceron. Con máis de 200 m de lonxitude e un ancho de 5 m perdeu gran parte do seu tránsito coa construción máis ao sur da estrada AC-550.



**O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL**

O carácter desta paisaxe reside no conxunto que forman o río Tambre co val polo norte e coas ladeiras montañosas ao sur, que verten as augas dos cursos fluviais no tramo final do río e á súa desembocadura no esteiro do Tambre. Os núcleos dispersos acompañados dunha trama agrícola rodeada á súa vez dunha densa cuberta arbórea, constitúen un valioso elemento de organización territorial e paisaxística coa discontinuidade creada polos espazos abertos no solo rural. A apertura do corredor previsto na montaña para a construción dun tramo da autovía de Santiago-Brión constitúe un elemento de considerable incidencia paisaxística.

**DINÁMICA DA PAISAXE**


**RISCOS E IMPACTOS**

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

**3. AVALIACIÓN**

**VALORACIÓN DA PAISAXE**

O tramo final do río Tambre e a súa desembocadura nun esteiro compoñen o elemento fundamental de organización da paisaxe. Acompañado das elevacións do relevo incrementando a aparencia montañoso asociada á súa vez coa ruralidade que lle confiren as parcelas agrícolas e os núcleos rurais asentados no val. Por outro lado o núcleo de Pontenafonso na marxe do río introduce un valor patrimonial e de paisaxe humana singular, xerando un espazo aberto entre a canle fluvial e as montañas que dota dunha fermosa perspectiva á paisaxe. O río Tambre e as chairas intermareais e lamacentas xunto cos areais do esteiro da desembocadura posúen un altísimo valor ecolóxico, incrementado pola inclusión de toda a franxa costeira no LIC Esteiro do Tambre, na Rede de Espazos Naturais e na Rede Natura 2000. Escolleronse uns puntos de observación sobre a ponte e outro nun entorno próximo, xa que integran unha paisaxe de singular beleza no tramo final do río e o esteiro coa poboación da Ponte Nafonso e o relevo montañoso ao fondo. O patrimonio cultural existente confire un valor engadido polo conxunto de casas, hórreos, fontes, lavadoiros e outras construcións rurais típicas, destacando o Pazo de Inchido e a súa adega. O patrimonio rural vese exemplificado no núcleo da Ponte Nafonso. Igrexas, capelas e numerosos cruceiros forman parte da arquitectura relixiosa.





## 4. PLANIFICACIÓN

### OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ACCIÓNNS














A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

### Lenda / Leyenda

#### Usos do solo / Usos del suelo









- |   |  |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales                               |  Matogueiras / Matorrales   |
|  Marismas / Marismas   |  Cultivos e prados / Cultivos y prados                              |
|  Praias / Playas   |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas   |  Viñedos / Viñedos  |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros                  |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico                   |
|  Cantis / Acantilados  |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación                  |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera                                    |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas            |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos                                     |  Outras masas de auga / Otras masas de agua                         |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera                                      |  Canteira / Cantera   |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos   |  Artificial / Artificial  |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización                       |  |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo |  |

#### Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

#### Hidrografía / Hidrografía

#### Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

#### Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos












#### Batimetría / Batimetría

- |   |   |  |   |   |
|---|---|--|---|---|
|  0 m   |  -20 m |  -100 m |  -500 m  |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

#### Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera
-  Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales
-  Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

#### Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:22.919

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29  
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29





